



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temprá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temprá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Atención Temprá (AGAT) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase AGAT dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social, dun programa de intervención en atención temprá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias.

O programa inclúe apoio técnico e psicosocial as familias das e dos menores usuarios, en concreto:

- Asistencia ás familias dende o seu contorno.
- Promoción temprá da autonomía persoal e prevención das situacións de dependencia.
- Creación de espazos de intercambio de información e autoaxuda na superación de dificultades.
- Orientación, asesoramento e apoio evolutivo, psicolóxico ou psicopedagóxico.
- Programación e realización de actividades compensadoras no contorno familiar.
- Apoio e asistencia técnica aos centros educativos e sociais da comunidade.
- Coordinación con outros recursos sociais do contorno.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

É do interese da Consellería de Política Social promover, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, aquelas iniciativas desenvoltas polas entidades de iniciativa social



orientadas a ofrecer asistencia, asesoramento e atención ás familias con nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento e/ou risco de padecelos, con idades comprendidas entre 0 e 6 anos, momento a partires do cal estes poden e deben ser incorporados e incorporadas á rede de recursos públicos, xa sexan de carácter educativo, sanitario ou social, en función das situacións individuais familiares que teñan, para cuxa incorporación contarán co apoio da rede galega de atención temperá e do equipo que viñera prestando a atención.

Esta intervención de atención temperá complementarase coa atención sectorial que os menores e as súas familias ou titores recibirán desde os ámbitos sanitario e educativo, provéndoa da necesaria coordinación interinstitucional e ao mesmo tempo dunha dimensión comunitaria, preventiva, integradora e multidisciplinar, así como psicopedagóxica.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a entidade AGAT aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

As actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito das competencias da Consellería de Política Social, a atribución de competencias na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, sendo AGAT a única entidade especializada dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da atención temperá, dispoñendo de experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver este programa de interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2019.

